



O MUSEO EN CAMIÑO

ACTIVIDADE 4

Todos os camiños me levan a Santiago

ACT. 4

Todos os camiños me levan a Santiago

FICHA TÉCNICA DA OBRA

Título: Miliario romano de Salcedo

Autor/a: Descoñecido

Data: II d. C.

Lugar: Salcedo (Pontevedra)

Pertence á Vía Romana XIX

Técnica: Talla en pedra

Miliario romano pertencente a Vía Romana XIX, da época de Augusto, que unía as cidades de Bracara Augusta (Braga), Iria Flavia, Lucus Augusti (Lugo) e Asturica Augusta (Astorga). Era a vía máis máis longa do noroeste peninsular, cuns 500 quilómetros.

O miliario é unha columna cilíndrica que se colocaba nas beiras das calzadas romanas para sinalar as distancias cada *mil passus* (cada milla romana = aprox.



1.481 metros). Na *Gallaecia* adoitaban estar feitos de granito, cunha base cúbica ou cadrada. En total tiña entre 2 e 4 metros de altura, cun diámetro de 50 a 80 centímetros.

Na súa maioría os miliarios levaban inscricións que constaban dunha serie de partes ben definidas: o título completo do emperador baixo cuxo mandato se construía ou modificaba a calzada e a distancia ata Roma ou a localidade máis importante da vía.

ACTIVIDADE

Actividade participativa e de diálogo para coñecer un pouco máis sobre Galicia na época romana tomando como punto de partida a principal vía romana que coincide co actual camiño portugués.

Para que?

- Coñecer a distribución de territorios e vías de comunicación de Galicia no período de romanización.

- Coñecer os topónimos, os nomes de lugares e o patrimonio histórico de Galicia da época romana.
- Aprender a orientarse no espazo a través de planos e mapas.
- Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...).

Contidos

- As pegadas do tempo en Galicia: Idade Antiga en Galicia. A romanización.
- Identificación sobre planos e mapas das diferentes rutas.
- O patrimonio natural, histórico e cultural de Galicia.
- Observación e exploración sensorial dos elementos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico.
- Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.
- O debuxo como ferramenta comunicativa.

Como se fai?

1.º Actividade de coñecemento:

explicación teórica sobre as calzadas romanas apoiada co mapa visual.

2.º Actividade de descubrimento: xogo visual arredor dun gran mapa de Galicia debuxado sobre unha tea ou un papel, co obxectivo de colocar as fichas, debuxadas con elementos emblemáticos galegos, nos lugares que lles corresponde xeograficamente. Pódense dar pistas (características distintivas de cada lugar) segundo o nivel de dificultade que se queira propoñer.

3.º Actividade reflexiva: nun gran grupo fanse unha serie de preguntas: hai algún sitio que coñezas de Galicia e que che pareza particular?, que é o que o fai especial?, poderías localizalo no mapa?

4.º Actividade de creación plástica: cada neno/a debuxa algo que identifique o lugar escollido, creando unha nova ficha que completará o mapa ilustrado.

Duración

1:30 h.

Agrupamentos

En gran grupo e individual.

Materiais e recursos

- Rotuladores, pezas madeira (fichas), lapis.
- Mapa conceptual a través do *visual thinking* para introducir o tema.
- Mapa de Galicia.

